



Expedientes	2026029508
Asunto	Solicitud de acceso a información pública
Trámite	Resolución presidencial de inadmisión

O deputado delegado de Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Con data 10 de abril de 2026 tivo entrada solicitude de acceso á información pública presentada por \*\*\*\*\*, con \*\*\*\*\*, co seguinte alcance:

“Solicito copia do proxecto presentado polo Concello de Catoira para a concesión da subvención do programa “Comparte Saberes 2026”, financiado ao abeiro do Plan +Emprega, así como da documentación aprobada pola Deputación relativa a horarios, funcións e condicións previstas no proxecto. A solicitude realízase a efectos de consulta e verificación do contido do proxecto subvencionado.”

O programa Plan +Emprega, promovido pola Deputación de Pontevedra, constitúe unha liña de subvencións dirixida aos concellos da provincia para a contratación de persoas desempregadas, cuxas bases e convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

No marco do devandito programa, o Concello de Catoira formalizou a correspondente solicitude, atopándose o procedemento actualmente en curso, e estando prevista a duración dos contratos formativos ata o 14 de xaneiro de 2027.

De conformidade co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTBG), o dereito de acceso á información pública poderá ser exercido nos termos previstos na devandita norma.

A disposición adicional primeira da LTBG establece que o acceso á información por parte de quen teña a condición de interesado nun procedemento administrativo en curso rexerese pola normativa reguladora do correspondente procedemento.

No presente caso, a información solicitada intégrase nun procedemento administrativo en tramitación, relativo á concesión e execución dunha subvención pública, sen que a persoa aquí solicitante ostente a condición de interesada no mesmo. En consecuencia, o acceso á dita información non pode articularse ao abeiro do réxime xeral previsto na LTBG, resultando de aplicación a normativa específica do procedemento que limita o acceso ás persoas que teñan a consideración de interesados ex art. 4 Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Á vista do exposto, de acordo coa proposta da Unidade Responsable de Transparencia desta Deputación e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2025008021, do 3 de outubro de 2025, de delegación de atribucións da Presidencia,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Inadmitir a solicitude de acceso á información pública presentada por \*\*\*\*\*  
\*\*\*\*\* , con \*\*\*\*\* , ao abeiro do disposto na disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, por referirse a información integrada nun procedemento administrativo en curso.

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional [www.depo.gal](http://www.depo.gal), unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

*En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.*

*Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra que corresponda, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.*